



life fluvial
MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE DE CORREDORES FLUVIAIS DA REGIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA
LIFE16 NAT/ES/000771



ZEC Río Eo
ES1120002

LIFE Fluvial

Os corredores fluviais presentan importantes valores naturais, culturais e económicos. O obxectivo do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do seu estado de conservación en 9 espazos da Rede Natura 2000. Desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en 5 concas fluviais do Noroeste ibérico, onde especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios poden causar deterioración e fragmentación de hábitats. Na conca do río Eo, actúa nos municipios galegos de Ribeira de Piquín, Meira, A Pontenova, Trabada e Ribadeo e nos asturianos de San Tirso de Abres,



Ameneiro (*Alnus glutinosa*)



Fento real (*Osmunda regalis*)



Pé de boi (*Oenanthe crocata*)




O pé de boi é unha planta característica dos ríos atlánticos, especializada en colonizar áreas con pouca vexetación como as barras fluviais



Limpafontes (*Triturus helveticus*)

O río Eo: Vilaboa

Neste tramo do río o bosque de ribeira componse por grandes exemplares de ameneiros (*Alnus glutinosa*), freixos (*Fraxinus excelsior*), pradairos (*Acer pseudoplatanus*) e loureiros (*Laurus nobilis*). En primeira liña de ribeira é fácil atoparse con plantas como o pé de boi (*Oenanthe crocata*) e numerosos fentos de grandes dimensións como o fento macho (*Dryopteris filix-mas*) e o fento real (*Osmunda regalis*). LIFE Fluvial interveu nunha área ribeiran que se atopaba desprovista de vexetación autóctona onde se viña producindo un proceso erosivo da ribeira



Lavanco (*Anas platyrhynchos*)



Avelaira (*Corylus avellana*)



Antes das actuacións

Neste espazo o proxecto recuperou o área fixando o chan erosionado mediante unha empalizada que sostén un armazón de ramas novas de salgueiro negro (*Salix atrocinerea*). Este traballo permitiu integrar as funcións recreativas da área coas ambientais do bosque de ribeira atlántico, hábitat protexido pola Unión Europea



Salgueiro negro (*Salix atrocinerea*)



Empalizada



O salgueiro como barreira vexetal



Reconstrución da beira



Despois das actuacións

O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica. LIFE Fluvial is a project co-financed by the European Commission within the framework of the LIFE call and runs between 2017-2021

